



CONCELLO  
DE  
**R I B E I R A**

(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

**María Sieira Ríos, secretaria da Comisión de Valoración do proceso selectivo para a provisión temporal, en COMISIÓN DE SERVIZOS, de dous (2) postos de Policía local (Expediente 2023 PSEL000023),**

**CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes da Comisión de Valoración constituída ás 9:30 horas do día 27/12/2023, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na “ACTA NÚMERO 1.- INICIO DO PROCESO SELECTIVO: FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS. ENTREVISTA PERSOAL. CUALIFICACIÓN FINAL. PROPOSTA DE NOMEAMENTO.”**

(...) Rematada a avaliación, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

**PRIMEIRO.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan **as puntuacións que en cada caso se indican pola fase de concurso de méritos:****

Nº	Apelidos e nome	Experiencia profesional (máx. 10 puntos)	Formación complementaria (máx. 7,5 puntos)	Outras actividades de formación (máx. 2,5 puntos)	Total (máx. 20 puntos)
1	Pérez Rebollido José Ramón	7,5	7,5	2,5	17,5
2	Raposo Amigo Alberto	10	6,2	1,04	17,24

**SEGUNDO.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial ([www.ribeira.es](http://www.ribeira.es)) o resultado da cualificación do concurso de méritos do xeito que se detalla no cadro anterior.**

**TERCEIRO.- De conformidade coa Base 8.3. das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración da fase de concurso os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante a propia Comisión de Valoración.**

Para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico [maria.sieira.rios@ribeira.gal](mailto:maria.sieira.rios@ribeira.gal), a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

(...) Finalizada a realización da entrevista (...). Á vista do exposto, a Comisión de Valoración, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

**PRIMEIRO.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan **as puntuacións que en cada caso se indican pola fase de entrevista persoal:****

Nº	Apelidos e nome	Puntuación
1	Pérez Rebollido José Ramón	3

1



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70012B6A500V3P4J0Q6E9A9 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 27/12/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/12/2023 13:48:38

EXPEDIENTE ::  
2023PSEL000023

Fecha: 20/10/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E70012B6A500V3P4J0Q6E9A9





CONCELLO  
DE  
**R I B E I R A**

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

2	Raposo Amigo Alberto	3
---	----------------------	---

**SEGUNDO.-** Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial ([www.ribeira.es](http://www.ribeira.es)) o resultado da cualificación da fase da entrevista do xeito que se detalla no cadro anterior.

**TERCEIRO.-** De conformidade coa Base 8.3. das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración da fase da entrevista os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante a propia Comisión de Valoración.

Para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico [maria.sieira.rios@ribeira.gal](mailto:maria.sieira.rios@ribeira.gal), a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

**Rematada a realización das fases deste proceso selectivo, a Comisión de Valoración procede á CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL determinada pola suma dos puntos obtidos en cada unha das fases en que consistiu este proceso selectivo, dando o resultado seguinte:**

Nº	Apelidos e nome	Méritos (máx. 20 puntos)	Entrevista (máx. 3 puntos)	Puntuación total (máx. 23 puntos)
1	Pérez Rebolledo José Ramón	17,5	3	20,5
2	Raposo Amigo Alberto	17,24	3	20,24

Á vista de todo o anteriormente exposto, a Comisión de Valoración, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Elevar á Alcaldía a **proposta de nomeamento como funcionarios en comisión de servizos dos aspirantes José Ramón Pérez Rebolledo e Alberto Raposo Amigo**, para que proceda o seu nomeamento en comisión de servizos de carácter voluntario

**SEGUNDO.-** Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial ([www.ribeira.es](http://www.ribeira.es)) o anteriormente disposto.

**TERCEIRO.-** De conformidade co disposto na Base 11ª das que rexen este proceso selectivo, no prazo de tres (3) días hábiles, a contar desde a publicación da relación dos aspirantes coa puntuación obtida no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), os aspirantes propostos deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Ribeira os documentos que se relacionan a continuación, agás que xa os tiveran presentado:

- Certificación expedida pola Secretaría do Concello de procedencia relativa ó Decreto ou Resolución da Alcaldía polo que mostra a súa conformidade coa comisión de servizos.
- Declaración xurada ou promesa de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en

2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70012B6A500V3P4J0Q6E9A9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 27/12/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/12/2023 13:48:38

EXPEDIENTE ::  
2023PSEL000023  
Fecha: 20/10/2023  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E70012B6A500V3P4J0Q6E9A9





C O N C E L L O  
D E  
**R I B E I R A**

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- Declaración xurada ou promesa de non ter outro emprego público no momento da toma de posesión do posto, así como de non exercer actividades privadas incompatibles co posto de traballo a desempeñar, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Se dentro do prazo indicado e, agás causas de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentasen a documentación ou da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados/as, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo das responsabilidade en que tivera podido incorrer por falsidade na súa solicitude de participación.

De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos da comisión de valoración cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente da comisión, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

*E para que conste, expido a presente certificación por orde do Presidente da Comisión de Valoración, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70012B6A500V3P4J0Q6E9A9 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 27/12/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/12/2023 13:48:38

EXPEDIENTE ::  
2023PSEL000023

Fecha: 20/10/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

